



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se modifica a Resolución do 7 de maio de 2008 pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Pola Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza (DOG n.º 93, do 15 de maio), regulouse a provisión de forma temporal mediante substitucións dos postos de traballo reservados aos funcionarios integrantes dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza; sistema previsto no artigo 74.1 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do dito persoal. A través da dita resolución reguláronse, así mesmo, as atribucións de funcións entre os membros do corpo de auxilio xudicial da mesma localidade, previstas no artigo 39.2 do dito regulamento.

No tempo transcorrido desde a entrada en vigor da dita resolución, diversas circunstancias fixeron necesaria a súa modificación; particularmente, as derivadas da execución da Sentenza n.º 510/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, posteriormente, como consecuencia do acordo acadado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO. o 23 de maio de 2019.

Na actualidade se ten iniciado un proceso de negociación coas organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Xustiza para regular mediante orde os procesos extraordinarios de provisión de postos, como é o caso das comisións de servizo e substitucións, previstos respectivamente nos artigos 527.1 e 527.2. da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e nos artigos 73 e 74 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario da Administración de Xustiza.

A culminación da dita negociación, a correspondente tramitación e entrada en vigor da concreta orde reguladora das comisións de servizo e substitución levará un tempo, sendo necesario entre tanto proceder á modificación da actual resolución en aspectos que están afectando ao funcionamento dos xulgados, fiscalías e outros órganos da Administración de Xustiza. A convocatoria e resolución anual do concurso de traslados, a creación nos últimos anos de novos órganos, así como as recentes convocatorias de oferta de emprego público, teñen provocado unha





constante mobilidade do persoal que é preciso conciliar coa necesaria garantía da prestación do servizo público. Neste sentido, a non esixencia dun tempo mínimo no desempeño das substitucións reguladas na vixente resolución e a posibilidade de renuncia en calquera momento dende a adxudicación, está a provocar importantes disfuncionalidades que é preciso corrixir.

Por outra parte, a vixente resolución prevé como unha das causas de finalización da substitución a falta de desempeño durante quince días hábiles, excepto no caso de vacacións. Esta regulación ten producido algún pronunciamento xudicial en contra por consideralo vulneratorio de dereitos en determinadas situacións, como é o caso da persoa que ten dispensa total de acudir ao posto de traballo.

Polo anteriormente exposto, resulta, e logo da negociación coas organizacións sindicais na mesa sectorial da Administración de xustiza,

DISPOÑO:

Modifícase a Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, nos seguintes termos:

Primeiro. O artigo cuarto queda redactado como segue:

«Artigo 4. Requisitos dos solicitantes.

1. Poderán solicitar as substitucións, con exención de funcións nos seus postos, os funcionarios de carreira dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino en órganos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, que estean en situación de activo, prestando efectivamente servizos en xulgados, tribunais, fiscalías ou outros órganos da Administración de xustiza, e leven un mínimo de seis meses continuados no posto de traballo dende o que participan na convocatoria, ben sexa con carácter definitivo ou provisional.

2. No caso das substitucións verticais: para ser nomeado substituto no corpo inmediatamente superior, será preciso estar en situación de servizo activo no corpo ou escala que se vai extinguir nun posto de traballo dalgún dos centros de destino a que se refire o anterior parágrafo, e estar en posesión da titulación académica esixida para acceder ao posto superior que é obxecto de substitución.

Segundo. O artigo sétimo queda redactado como segue:





«Artigo 7. Duración das substitucións e cesamento do substituto.

1. A substitución finalizará cando se incorpore o/a titular do posto ou remate a causa que motivou a substitución, así como pola renuncia do substituto ou amortización da praza.

2. Salvo renuncia do interesado, se o cesamento do substituto se producise antes de acadar un período mínimo de seis meses de desempeño, este poderá facer valer a súa preferencia nas seguintes necesidades de substitución, cando menos ata completar o devandito período mínimo. En todo caso, a renuncia á unha substitución, unha vez adxudicada esta, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2019.

